

MEMORIA ANUAL

Campus do Mar

25 de ~~XX~~ de 202





Campus do Mar

En 2010 nace o proxecto de Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” da aspiración das Universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, o CSIC e o IEO, xunto cos Centros e Plataformas Tecnolóxicas da Comunidade Autónoma para desenvolver un campus de excelencia internacional no ámbito das Ciencias e Tecnoloxías do Mar e así crear valor económico e social como motor do desenvolvemento territorial. O Campus de Excelencia Internacional (CEI) Campus do Mar asentouse en dous pilares básicos: o Mar como aspecto singular e diferenciador e o carácter transfronteirizo da agregación estratéxica, inscrita dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A misión do Campus do Mar é a de ser o dinamizador dunha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía, que forma aos mellores profesionais e investigadores no ámbito das Ciencias e Tecnoloxías do Mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais, que xere investigación de calidade e impacto internacional e que proporcione á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

As características e accións máis destacables do Campus do Mar son:

- Ser unha estrutura de gobernanza deseñada para asegurar unha cooperación intelixente.
- Ser un campus con clara vocación internacional.
- Promover a mobilidade internacional de investigadores e estudantes.
- Ser un proxecto comprometido cos países en vías de desenvolvemento.
- Atraer de talento para aumentar a masa crítica de investigadores.
- Proporcionar coñecemento dos océanos xerado pola investigación e transferido aos sectores produtivos.
- Promoción de ideas innovadoras en torno ao mar.
- Ser un Campus aberto, creado para a sociedade.
- Ser unha aposta decidida pola formación, a empregabilidade e a captación de talento.

O Campus do Mar atópase en pleno proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións que se presentan neste informe axudan á Universidade de Vigo no cumprimento do ODS 14, en particular, a meta 14.a coa que se busca aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña, tendo en conta os Criterios e Directrices para a Transferencia de Tecnoloxía Mariña, da Comisión Oceanográfica Intergubernamental a fin de mellorar a saúde dos océanos e potenciar a contribución da biodiversidade mariña no desenvolvemento dos países en vías de desenvolvemento, en particular os pequenos Estados insulares e aqueles países menos desenvolvidos.

Entre as súas liñas de acción, o Campus do Mar ten o foco posto na *Ocean Literacy* e baixo esta premisa foron diversas as iniciativas realizadas, entre elas a **Scientists meet Artists**, unha actividade centrada na divulgación científica e que promoveu o traballo conxunto da comunidade científica e o mundo dos artistas gráficos.

O Campus do Mar mantén activo desde a súa creación o **programa de doutoramento DoMar**. Desde o seu inicio este programa acolleu alumnado procedente de 20 países. No transcurso destes anos foron presentadas sobre 50 teses de doutoramento en temáticas como a xestión integrada da costa e o uso sustentábel dos recursos mariños, entre outras.

O Campus do Mar forma parte do padroado da **Fundación MarInnleg. Centro de Innovación de Estudos Xurídicos Marítimos e Pesqueiros**, onde o CdM exerce a secretaría de dita fundación.

O Campus do Mar tamén traballa en diversos proxectos colaborativos, entre os que destacan:

- O Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña BLUEBIOLAB que ten como obxectivo promover a excelencia en I+D+i, internacionalizando as capacidades de I+D+i e optimizando o uso de infraestruturas de investigación no territorio de Galicia e norte de Portugal. Interreg España-Portugal.
- Proxecto ECOMAR que pretende promover a investigación e a cooperación científico-técnica relacionada coas áreas naturais protexidas, así como a xeración de alianzas estratéxicas e mecanismos de coordinación e divulgación de modelos de xestión con éxito na avaliación de servizos ecosistémicos mariño-costeiros en Iberoamérica, nun contexto de cambio global.
- Proxecto SHERPA DO MAR, como plataforma eurorrexional de Galicia-Norte de Portugal de fomento de competitividade no ámbito mariño- marítimo a través do impulso de empresas de base tecnolóxicas.

- Participación como relator nas mesas de traballo de Biotecnoloxía e a de Formación e Patrimonio integradas no proxecto estratéxico **Blue Growth** realizado polo Autoridade Portuaria de Vigo.
- **Coordinación do nodo de contacto nacional** do Mecanismo de Asistencia para a Conca do Océano Atlántico. Esta coordinación iniciouse en setembro de 2018 e finalizou en xaneiro de 2020.

Actividades 2021

- **Scientists meet Artists**, iniciativa promovida polo Campus do Mar e Centro de Investigación Mariña da Uvigo orientada á divulgación das ciencias do mar baseada en experiencias colaborativas entre investigadores e ilustradores. Periódicamente e froito desa colaboración, produciuse unha lámina para colorear baseada nun concepto específico relacionado coas ciencias do mar e que o ilustrador debuxa sendo fiel ó seu estilo propio. Cada lámina leva un texto asociado de xeito que as familias, titores, achegados etc. poidan explicar o concepto ós máis pequenos. Como resultado desta colaboración foron elaboradas 12 láminas con contidos científicos que se disponibilizaron para descarga libre na web do Campus como recursos educativos para centros escolares. No final do ano preparouse un calendario do 2022 coas láminas coradas, do que se editaron 3 versións, galego, español e inglés. Este material foi presentado no acto “Comunicar o océano. Conversa entre as Ciencias Mariñas e as Artes” celebrado no edificio Redeiras do Berbés en decembro, que contou coa presenza da Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama e o director do Campus do Mar, Daniel Rey. A iniciativa foi presentada na XXIV Bienal RSEHN (Real Sociedad Española de Historia Natural) celebrada en Valencia en setembro.
- Organización do **Encontro de transferencia Kaleido- Universidade de Vigo** en colaboración con Kaleido Ideas & Logistics e o CIM (Centro de Investigación Mariña). O seminario tiña como obxectivo dar a coñecer aos grupos de investigación da universidade as liñas de traballo de Kaleido na idea de explorar liñas de traballo en común. Tivo lugar o 15 de abril. Dadas as circunstancias do contexto global desenvolveuse en formato online e foi retransmitido en streaming a través de Campus do Mar TV.
- “Desafíos del Océano: Científicas al Mando” é unha miniserie documental de 6 capítulos de 15 minutos de duración cada un.. É un proxecto que nace co obxectivo de dar a coñecer a investigación que mulleres das institucións que pertencen ao CEI Campus do Mar desenvolven á volta de temas de actualidade nas ciencias mariñas a nivel global e que constitúen desafíos de futuro para os océanos e o planeta. Este proxecto conta con financiamento da FECYT.

- **Programa de capacitación en xestión de proxectos de investigación e innovación para persoal do Sistema Universitario de Perú.** Este curso enmárcase dentro do Programa para la Mejora de la Calidad y Pertinencia de los Servicios de Educación Superior Universitaria y Tecnológica a Nivel Nacional (PMESUT) do Ministerio de Educación de Perú, unha iniciativa que ten como finalidade que os estudantes da educación superior do Perú accedan a institucións que brinden adecuados servizos educativos, pertinentes e de calidade a nivel nacional. Esta formación será impartida por un consorcio formado pola Universidade de Vigo, a través do Campus do Mar, e o Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa, ICSEM. En total, son 11 as institucións as que se poden beneficiar deste programa de capacitación: Universidad Nacional Mayor de San Marcos (Lima); Universidad Nacional Agraria La Molina (Lima); Universidad Nacional de Ingeniería (Lima); Universidad Nacional de Trujillo (La Libertad); Universidad Nacional de San Agustín (Arequipa); Universidad Nacional del Altiplano (Puno); Universidad Nacional de San Antonio Abad del Cusco (Cusco); Universidad Nacional Toribio Rodríguez de Mendoza (Amazonas); Universidad Nacional del Centro del Perú (Junín); Universidad Nacional de San Martín (San Martín) e a Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann (Tacna). O programa está financiado parcialmente a través dun acordo entre o Goberno do Perú e o Banco Interamericano de Desarrollo (BID).
- **Campus Mar Conferencias**, un programa de conferencias con persoal investigador convidado en centros integrantes do Campus do Mar. Nesta última edición, 2021, organizáronse 2 conferencias:
 - 19 de outubro Prof. Jorge H. Maldonado. Universidad de Los Andes (Bogotá, Colombia) Universidade quen disertou sobre “ Does exclusion matter in conservation agreements? A case of mangrove users in the Ecuadorian coast using participatory choice experiments”
 - 19 de novembro Dr. Maraja Riecher. Leuphana University (Lüneburg, Germany) que interveu co conferencia “Relational values for marine conservation: An introduction and lessons learnt”.

Tamén colaboramos coas comunidades locais, entidades locais e asociación de diversas en labores de preservación de ecosistemas acuáticos compartidos, especialmente en accións contra o lixo mariño mediante xornadas de limpeza. Nesta liña, enmárcanse as colaboracións realizadas no 2021 coa Fundación Juan Soñador e coa Asociación Amicos.

En canto a organización e participación en eventos por parte do Campus do Mar cabe destacar:

- Participación na edición anual do **Foro Empleo** da Uvigo celebrado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Por causa do contexto global, a edición

deste ano desenvolveuse en formato virtual.

- Participación na xornada **Blue Atlantic Forum**, evento celebrado en xuño, e no que se analizaron os principais eixos da economía azul en Galicia: a pesca, o turismo costeiro, a biotecnoloxía e a bioeconomía, tendo sempre como referencia a sustentabilidade. Esta acción estivo organizada pola empresa Bluscus e contou co apoio de diversas entidades como o Concello de Baiona, Deputación de Pontevedra e o padroado Turismo Rías Baixas.
- Participación como poñente na xornada de debate ao redor da Economía Azul celebrado no Museo do Mar de Galicia en novembro de 2021 e organizado pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia e a Consellaría do Mar.
- Asistencia á última edición do foro da economía azul do espazo atlántico Galicia-Norte de Portugal **Business2sea** celebrada en Vigo en novembro de 2021.
- Participación na feira **MindTech** celebrada no IFEVI en setembro do 2021. O Campus do Mar participou no stand conxunto da Universidade de Vigo, e que foi coordinado pola OTRI. No transcurso da feira, realizamos difusión dos proxectos e actividades do CdM.

Proxectos 2019-2021

Desde o 2019, o Campus do Mar ven coordinando ou participando diversos proxectos europeos:

Proxecto MarENet “Atlantic Maritime Knowledge Centre”

Este proxecto comezaba en novembro do 2019 e cunha duración prevista ata novembro do 2021.

- En xaneiro do 2020 tiña lugar a reunión de lanzamento na que se fixo partícipe a outros axentes sociais ligados ao ámbito mariño-marítimo como sona Fundación MarInnLeg e o Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
- Organización do “Workshop on Training and Labour Market Matching” o 16 de setembro de 2020 polo Campus do Mar xunto coa Autoridade Portuaria de Vigo no marco do proxecto colaborativo MarENet. Este obradoiro foi celebrado en modalidade mixta presencial-virtual e nel se discutiu o estado e os retos das carreiras azuis en sectores marítimos clave en termos de formación e desenvolvemento de competencias. A parte presencial do evento desenvolveuse no Edificio Miralles da Uvigo mentres que a parte virtual fíxose a través da plataforma Pexip emitíndose en streaming a través de Campus do Mar TV. Para este evento contouse coa presenza de representantes da

Comisión Europea e de axentes sociais vinculados á Economía Azul. O consorcio do proxecto MarENet tamén presentou os resultados da análise sobre a fenda existente entre a oferta formativa e a demanda das empresas en sectores mariños e marítimos na marxe Atlántica.

- O Proxecto MarENet recibiu o recoñecemento da Comisión Europea a través do Atlantic Project Awards na categoría de Formación Mariña e Alfabetización Oceánica. O galardón foi outorgado durante a 7th Atlantic Stakeholders Platform Conference (ASPC), celebrada de xeito virtual o 19 de novembro de 2020.
- A ASPC tamén acolleu o obradoiro “Atlantic Ports: driving force for innovation and promotion of the Blue Economy across countries” organizado no marco do Pillar 1 - “Atlantic Ports” polo Campus do Mar, tras superar un proceso de selección xunto coa Confederación das Rexións Periféricas e Marítimas, e no que o director do Campus do Mar, Daniel Rey, impartiu un relatorio centrado nas carreiras azuis.
- En paralelo, o proxecto MarENet tamén participou no Business2Sea, Foro internacional celebrado virtualmente en novembro de 2020 coincidindo co ASPC e no que o 16 de novembro, o xestor de MarENet, Kais Mohammed Falcón moderou o obradoiro "Towards a pact for skills in the maritime technology industry" organizado pola Fundación CETMAR na que puideron presentarse os obxectivos do proxecto ós axentes sociais con intereses comúns na Economía Azul na procura do establecemento de futuras colaboracións.

Proxecto BLUEBIOLAB

- Campus do Mar organizou o Evento de presentación do BLUEBIOLAB celebrado en Vigo o 4 de febreiro de 2020 no que se amosaron as capacidades do consorcio transfronteirizo. O evento acolleu a 41 asistentes, pertencentes a 20 institucións distintas, incluíndo Administracións públicas (Xunta de Galicia, INTECMAR), sector empresarial (EnergyLab, Zoomare, Inxenía, ECONET, AECT, Grupo Pereira) e organizacións relacionadas coa biotecnoloxía mariña (CETMAR, CES, ANFACO-CECOPECA etc). O acto foi inaugurado por Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta de Galicia; Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo e Daniel Rey, director do Campus do Mar. Así mesmo, foi retransmitido en directo por Uvigo TV.
- BLUEBIOLAB foi tamén nomeado aos “2020 Atlantic Project Awards” e participou no evento ASPC2020 o 19 de novembro de 2020 onde o Campus do Mar amosou o proxecto nun expositor virtual.
- O pasado 26 de decembro de 2020 o Campus do Mar presentou o proxecto BLUEBIOLAB na iniciativa “BLUE CIES” organizada pola empresa de

turismo mariñeiro BLUSCUS e con apoio económico da Deputación de Pontevedra. O evento reuniu a representantes do sector público e privado para analizar as posibilidades do mar, a economía e a sustentabilidade. TaniaTato, xestora do BLUEBIOLAB participou na mesa redonda da xornada que abordaba as iniciativas azuis e concedeu unha entrevista onde amosou o Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña.

- Participación no BAF (Blue Atlantic Forum) un espazo de encontro da economía azul celebrado en Baiona en xuño de 2021.
- Neste 2021, o BLUEBIOLAB foi convidado ao evento anual “Atlantic Stakeholder Platform Conference – ASPC 2021” celebrado en Irlanda.
-

Proxecto SHERPA DO MAR

O Campus do Mar, xunto coa OTRI da Uvigo e o grupo REDE da Agrupación Estratéxica ECOBAS, forma parte dos grupos e entidades da Universidade de Vigo que integran o consorcio do proxecto Sherpa do Mar, proxecto transfronteirizo financiado a través do programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP).

No 2020, o Campus do Mar liderou varias accións das actividades a realizar entre as que cabe destacar:

- Na Actividade 2, o Campus do Mar foi o responsábel de coordinar os traballos da acción 2.1.- Desenvolvemento dun plano operativo para a coordinación das iniciativas existentes. Neste plano operativo validáronse aquelas accións requiridas para a posta en marcha da nova plataforma transfronteriza de emprendemento. Desde o Campus do Mar coordinamos a elaboración do documento, definindo os contidos, e establecendo unha canle de comunicación fluída coa consultora encargada da súa elaboración, con xuntanzas nas diferentes fases do traballo.
- Na Actividade 3, participamos nas accións que tiñan por cometido a elaboración dun mapa de coñecemento por cada unha das Universidades/Centros de investigación participantes no proxecto (UVIGO, USC, UDC, UPORTO e CIIMAR) e un mapa de coñecemento transfronterizo do ecosistema Sherpa do Mar. Nesta liña, e na idea de fortalecer as estruturas de colaboración entre entidades do Campus do Mar, fixemos un chamamento á participación das entidades que conforman o propio Campus. Enviouse un correo, animando á participación nesta plataforma. Recibimos a resposta positiva das seguintes entidades: CESGA, Energylab, ANFACO, Cetmar.

O Campus do Mar coordinou a acción 3.2 Desenvolvemento do programa de asesoramento científico-técnico orientado á mellora da competitividade do sector mariño-

marítimo. Esta acción supuxo a elaboración dunha sistemática para facilitar o acceso dos emprendedores ao asesoramento científico-técnico especializado no ámbito mariño-marítimo para o desenvolvemento daas súas ideas de negocio.

Páxina web e RRSS 2021

Desde a súa creación o Campus do Mar conta cunha páxina web que permite a difusión e promoción das accións e proxectos que se desenvolven.

O Campus do Mar conta, tamén, con perfís nas redes sociais Facebook, e Twitter, desde onde se ven realizando un traballo de difusión e visibilidade, tanto das actividades realizadas desde o propio Campus como por entidades pertencentes a redes de centros con certa vinculación como pode ser o CIM (Centro de Investigación Mariña), o IEO de Vigo ou o IIM-CSIC (Instituto de Investigacións Mariñas).

Páxina_Web

No transcurso do 2021, a actividade desenvolvida no espazo web do Campus do Mar estivo centrada na difusión de noticias sobre a propia actividade do Campus e outras institucións vinculadas, promoción de ofertas laborais vinculadas coa investigación mariña, así como recoller información das convocatorias de axudas predoctorais, posdoc existentes e de interese para o alumnado do programa de doutoramento DoMar.

A web recibe principalmente visitas de usuarios de España (34,96%) e dos USA (22,20%). No referido aos contidos, alén da visita á páxina principal que recolleu 7877 visitas que supón 21,02% do tráfico que accede á web. Os contidos relacionados coas ofertas de emprego, dispoñíbeis na sección Marjob rexistrou 2928 visitas que significa 7,81% do tráfico xerado. Por último, a información relacionada co proxecto Scientists meet Artists rexistrou 3,5% das visitas.

Twitter

No transcurso do 2021, realizouse unha activa difusión de eventos, actividades programadas polos proxectos nos que participamos, ofertas de emprego vinculadas co ámbito mariño. Así, elaboramos un total de 81 tweets propios, e fomos mencionados en 135 tweets. Estas accións xeraron un intenso tráfico de visitas á nosa conta, con máis de 70000 impresións de tweets, e perto de 10000 visitas ao perfil, o que xerou 97 novos seguidores, estando o total de seguidores nesta rede social nos 3196 seguidores.

Facebook

O balanço anual nesta rede social inclúe a publicación de 25 entradas con información referida a eventos e actividades desenvolvidas polo Campus do Mar, foron partilladas 31 entradas relacionadas coas temáticas que nos ocupan . O Campus do Mar foi mencionado en 15 entradas. Nesta rede social contamos con 4669 seguidores, principalmente de España (3360) e un grupo destacado de persoas que seguen as nosas actividades desde Portugal (328), México (86) e Brasil (68). O perfil das persoas interesadas polas actividades do Campus do Mar está conformado nun 61,70% de mulleres, con maior destaque para a franxa de idade entre 25 e 44 anos. A porcentaxe de homes conforman 38,30%.



